

REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO EN BIOLOXÍA (Aprobado pola Xunta de Facultade, 21 de decembro de 2016)

O real decreto 1393/2007, do 29 de Outubro e posteriores modificacións, establece a regulación dos traballos fin de grao e fin de máster. Respecto do Traballo Fin de Grao (en diante TFG), establece no art. 12 que “estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo fin de Grao”, engadindo no apartado 7, que “O TFG terá un mínimo de 6 créditos e un máximo do 12.5% do total dos créditos do título. Deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título”. O citado Real Decreto non recolle disposición algunha sobre o proceso de elaboración e avaliación que, en consecuencia e no exercicio da súa autonomía universitaria, deberá ser regulado por cada Universidade.

No Artigo 4 do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela (aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016) se establece, que para poder formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG. Os TFG só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao en Bioloxía, salvo os correspondentes aos propios traballos.

A matrícula do TFG realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que o/a alumno/a teña pendente de superar para completar o estudos de Grao. A matrícula dará dereito a presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado.

Os alumnos e alumnas de intercambio poderán matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios da USC.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de non presentado nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria.

Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o/a alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

No Plan de Estudos do Grao en Bioloxía da USC establécese que o TFG terá 6 créditos.

Todos aqueles aspectos referidos ó TFG non recollidos na presente normativa, rexeranse pola normativa vixente da USC

Artigo 1. Obxectivo do TFG

A finalidade do TFG é a elaboración individual por parte do estudante dun traballo orixinal onde se integren e desenvolvan os contidos formativos recibidos, capacidades, competencias, e habilidades adquiridas durante os estudos do Grao en Bioloxía.

Artigo 2. Comisión de Traballos Fin de Grao (CTFG) da Facultade de Bioloxía

A CTFG da Facultade de Bioloxía será a encargada de atender ás cuestión propias do desenvolvemento da materia "Traballo Fin de Grao" e deberá designar un coordinador ou coordinadora da mesma.

A CTFG estará composta polos seguintes membros:

- O/A Decano/a (ou persoa en que delegue) que presidirá a CTFG
- O/A Secretario/a da Facultade de Bioloxía que será o/a secretario/a da CTFG.
- O/A Coordinador/a do Título de Grao en Bioloxía.
- O/A Coordinador/a de 4º do Grao en Bioloxía.
- O/A Xestor/a académica do Centro.

Entre as competencias da CTFG estarán as seguintes:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate.
- Establecer a convocatoria anual.
- Determinar os sistemas de titoría.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas e temas, previa consulta aos departamentos con docencia no título.
- Establecer e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do Traballo.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor ou titora asignado.
- Aprobar os tribunais de avaliación.
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa dos traballos de acordo co calendario académico.
- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta do Centro lle encomende.

Artigo 3. Titores dos TFG

Os TFG serán realizados baixo a supervisión de polo menos un titor/a, a súa función será a de orientar ao estudante no desenvolvemento do TFG, así como de realizar o seguimento antes da defensa do traballo e emitir un informe do TFG que teña titorizado, para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador. Por razóns xustificadas e se a CTFG o estima oportuno, poderá designarse un cotitor.

O/A titor/a será persoal docente e investigador (PDI) con docencia no Grao en Bioloxía ou noutras Titulacións da Facultade de Bioloxía. Tamén poderá ser PDI adscrito a Departamentos con créditos de formación básica ou obrigatoria no Grao en Bioloxía.

Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores outros profesores da USC en servizo activo, e aqueles que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou ad honorem, profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI), e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI, agás os que posúan titulación de máster ou teñan unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES. No caso de cotitorías de persoal alleo á USC (área externa), con carácter previo a realizar a cotitoría, deberá comunicarse a dita circunstancia á vicerreitoría con competencias na materia a través do servizo correspondente indicando a súa dedicación.

Os traballos poderán desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións. Nestes casos a matrícula realizarase na USC pero poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal do centro ou institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso, a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

O/a titor/ programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta para a avaliación.

O recoñecemento dos labores de titorización e avaliación de Traballos de Fin de Grao, farase nos termos previstos anualmente na Normativa de Programación Académica Anual da USC.

Artigo 4. Propostas e Asignación dos TFG

O centro aprobará o número de traballos que corresponden a cada área de coñecemento en función do número de profesores e participación na docencia do Grao. O alumno poderá presentar aos departamentos unha proposta de traballo, asinada tanto polo alumno/a como polo titor/a do TFG (opción A). Os departamentos con docencia na titulación comunicarán ao centro o listado de titores, temas e tipos (bibliográfico, experimental ou outros) dos traballos, incluíndo os asignados na opción A e os que quedan vacantes. Os alumnos que non teñan proposta de traballo poderán solicitar a CTFG que se lle asigne un dos traballos vacantes (opción B). A asignación de propostas realizarase tendo en conta as preferencias expresadas polo alumnado na súa petición, utilizando como criterio de asignación a nota media do expediente académico de cada solicitante.

A asignación dos temas de traballo e titores aos alumnos farase pública na páxina web do Centro, unha vez aprobada pola CTFG.

Todos os formularios estarán dispoñibles na páxina web do Centro.

Artigo 5. Anulacións e modificacións do TFG

A CTFG, previa petición motivada por parte do/a alumno/a ou do/a titor/a dun TFG, dirixida ó decano/a da Facultade, poderá admitir ou denegar a anulación completa ou parcial da asignación (modificación do título, descrición do contido, ou do/a titor/a, si fose o caso), procedendo a realizar unha nova. Corresponderá á secretaría do centro a xestión destes procesos e, si fose preciso, a comunicación dos cambios ós servizos administrativos correspondentes.

Artigo 6. Prórroga do TFG

Si no ano académico de asignación do seu TFG, o/a alumno/a non realizase a súa presentación e defensa, poderá solicitar a prórroga do mesmo TFG e titor/a. Dita solicitude deberá contar co visto e prace do/a titor/a do TFG. Si non o fixese, caducará a asignación realizada, e deberá iniciar de novo o procedemento previsto nesta normativa.

Artigo 7.- Dereitos do alumnado

A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao/á alumno/a que o realizou.

No caso de que os traballos se realicen no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou, de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Nestes casos e sempre que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou no caso de que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual que non se poidan difundir antes de estaren debidamente protexidos, actuarase do seguinte modo: entregaranse dúas versións da memoria de TFG ou TFM: a reducida, na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de segredo ou confidencialidade; e o exemplar completo, que se entregará baixo compromiso de confidencialidade.

O exemplar reducido será o que se utilice para ser autorizada a súa defensa e deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública. A versión completa entregarase aos membros do tribunal para a súa avaliación. O/a titor/a e os membros do tribunal deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos que non se poderán difundir publicamente. Se o tribunal desexa formular cuestións sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse nunha sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública.

O exemplar do traballo non será obxecto de publicación no repositorio institucional da USC (*Minerva*) ata que sexan realizadas as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade.

Unha copia en formato electrónico dos traballos superados quedará depositada no centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito.

As comisións con competencias en TFG ou TFM poderán propoñer a publicación dos TFG e TFM que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (*Minerva*), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia.

Os/as autores/as dos traballos propostos, co visto e prace do/a titor/a, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

Artigo 8.- Deberes do alumnado

Os TFG e TFM deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspense” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a comisión con competencias en

TFG ou TFM considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarse o indicado no parágrafo anterior.

Artigo 9. Contidos do TFG

Os TFG a realizar poderán ser bibliográficos, experimentais ou de outra índole.

Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados, redacción, presentación e defensa.

Artigo 10. Extensión do TFG

O TFG terá unha extensión máxima de 20 páxinas a dobre espazo con letra Times New Roman, calibre 11, (incluíndo a portada, índice, resumo, texto, bibliografía, táboas e/ou figuras).

Artigo 11. Traballo a presentar

O documento presentado amosará o traballo desenvolvido polo alumno, no documento non constará o nome do/a titor/a e deberá adoptar a seguinte estrutura:

- Portada na que figure: Denominación de Grao, Facultade a que pertence, título do TFG, nome completo do/a autor/a, e curso académico.
- Índice (opcional)
- Resumo do traballo
- Introducción.
- Obxectivos.
- Metodoloxía do traballo.
- Resultados e Discusión.
- Conclusións.
- Bibliografía.

Artigo 12. Prazo de Presentación do TFG

A Xunta de Facultade aprobará a guía docente e os períodos de presentación dos TFG, que se publicaran xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

A matrícula dará dereito á presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro. No caso de obter non presentado en todas as oportunidades, considérase consumida a convocatoria. O suposto de que o alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes dará dereito se así o solicita, a renuncia da convocatoria.

Artigo 13. Requisitos para a presentación do TFG

Cada estudante solicitará a defensa do TFG en instancia dirixida á/ó decana/o, no prazo fixado a tal fin polo Decanato da Facultade en cada convocatoria. A solicitude irá acompañada de tres copias do TFG, xunto cunha copia electrónica en formato PDF que quedará arquivada no Centro para o seu arquivo e consulta.

Recibida a solicitude, comunicarase o/a titor/a do TFG, de quen se requirirá un informe, que estará a disposición do Tribunal de avaliación.

Artigo 14. Composición e Nomeamento dos Tribunais de Avaliación

A CTFG determinará a composición dos Tribunais encargados de avaliar os TFG. Os membros titulares e suplentes dos Tribunais serán nomeados polo/a Decano/a, a proposta da CTFG.

Os membros dos tribunais serán profesorado da titulación, cada tribunal estará formado por tres membros e, polo menos, un suplente. En cada tribunal haberá un/unha Presidente/a (o de maior categoría e mais antigo), un/unha Secretario/a (o de menor categoría e máis novo) e un vogal. O/A titor/a non poderá formar parte do Tribunal. Os tres membros do Tribunal poderán pertencer a distintas áreas de coñecemento, polo menos un dos membros do tribunal pertencerá a un área de coñecemento afín ao tema do TFG. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente xustificada.

En cada unha das convocatorias poderá constituírse un ou varios tribunais para a valoración dos TFG. Esta decisión lle corresponde a CTFG.

Artigo 15. Convocatoria de Exposición do TFG

O Decanato da Facultade publicará as datas da exposición dos TFG, que terá lugar nun prazo mínimo de 7 días desde o remate do prazo de entrega do TFG.

Artigo 16. Exposición do TFG

A exposición oral e defensa de cada TFG terá unha duración máxima de 15 minutos, será individual e pública. O Tribunal poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes durante un tempo máximo de 30 minutos. Para casos excepcionais debidamente autorizados pola CTFG, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

Artigo 17. Criterios de Avaliación do TFG

O Tribunal de avaliación valorará de 0 a 10 os seguintes aspectos do TFG:

- Contido do Traballo: cumprimento dos obxectivos propostos, orixinalidade, adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, dificultade, conclusións, etc.
- Presentación escrita do TFG: estruturación, redacción, corrección ortográfica, etc.
- Exposición oral: concisión, claridade, cumprimento do tempo establecido, defensa do TFG, etc.
- Informe do titor.

Artigo 18. Cualificación do TFG

A cualificación dos traballos realizarase conforme ós criterios establecidos na guía docente da materia, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación e das competencias transversais. A Cualificación final outorgada polo Tribunal de avaliación ó TFG, con expresión dun decimal, obterase de acordo á seguinte ponderación:

Contido do Traballo: 30%.

Presentación escrita: 30%.

Exposición oral: 30%.
Informe do titor: 10%.

O/A secretario/a do Tribunal entregará na Secretaría do Decanato as cualificacións nun prazo máximo de dous días dende a data de presentación e defensa dos traballos. As cualificacións faranse públicas nos taboleiros de anuncios do Decanato ou no taboleiro que fixe o centro, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

Unha vez celebrada a última convocatoria para a presentación dos TFG do curso académico, e tendo en conta os traballos presentados, poderá outorgarse “matrícula de honra” a aqueles TFG que obtiveran unha cualificación superior a 9, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do límite establecido pola Universidade. No caso dun Tribunal Único en todas as convocatorias, será éste o que outorgue as matrículas de honra que correspondan. No caso de existiren dous ou mais tribunais avaliadores, a atribución desta cualificación corresponderá realizala á CTFG, oídas as propostas dos diferentes tribunais.

Artigo 19. Revisión das cualificacións

No momento de facer pública a cualificación, o Tribunal fixará unha data, horario e lugar de revisión da mesma. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. Deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

Unha vez rematado o período de revisión. O presidente do Tribunal, entregará na Secretaria do Decanato a documentación do proceso.